



Pódense recuperar os elementos da cociña tradicional; a cociña necesita moita ventilación e materiais impermeables só nalgúns sitios.

Os locais húmidos: as cociñas

46. Como eran?

Durante moito tempo, a cociña era a estancia na que estaba a lareira e o vertedoiro de pedra, que formaba parte do muro, en moitos casos estaba situado baixo unha fiestra, con desaugadoiro directo ao exterior e, ás veces, cunha canle de pedra que levaba a auga ata a rúa. Era o cuarto principal da casa e nel pasábase a maior parte do tempo, comendo, falando ou relacionándose, sobre todo en inverno. Hoxe está chea de aparatos.

47. Pódese instalar sobre estruturas de madeira?

Existen aínda, nalgúns edificios históricos e na estancia onde se atopa a lareira, pavimentos de lousa de pedra colocados directamente sobre as armazóns de madeira. Hoxe as cociñas non necesitan este pavimento tan pesado, e as baldosas cerámicas que agora se utilizan non precisan tampouco dunha soleira de formigón como base, que valerá soamente para cargar innecesariamente de peso a estrutura de madeira.

48. Como se poden instalar?

Para colocar as baldosas basta unha superficie suficientemente ríxida, mellor lixeira, que pode conseguirse con perfís de madeira e taboleiros aglomerados ou contrachapados colocados directamente sobre o pavimento de madeira existente ou sobre a armazón de madeira do chan. Este novo soporte debe impedir o paso da auga mediante a utilización dunha lámina impermeabilizante axeitada, debe aloxar as canalizacións de desaugadoiro e estar lixeiramente ventilado.